



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 808 Semana do 19 ao 25 de novembro de 2018

Participarán os secretarios xerais de UGT, Pepe Álvarez; UGT-Galicia, José Antonio Gómez; FICA, Pedro Hojas; FICA-Galicia, Javier Carreiro; e UGT-Lugo-Lemos-Costa, Ángel Tomé

UGT CONVOCA HOXE EN CERVO UNHA MANIFESTACIÓN PARA DENUNCIAR A PERSECUCIÓN SINDICAL EN SARGADELOS

Acudirán delegados e cadros do Sindicato procedentes de toda Galicia e do resto do Estado

Redacción. UGT convoca hoxe unha manifestación en Cervo como símbolo de repulsa pola situación de persecución sindical que se vive en Sargadelos, en solidariedade coa delegada de UGT Rogelia Mariña e cos traballadores despedidos. A manifestación sairá ás 13.30 horas de Cervo (Lugo) ata chegar a Sargadelos onde está prevista unha concentración ás portas da fábrica.

Á cabeza da manifestación estarán os secretarios xerais de UGT, Pepe Álvarez; UGT-Galicia, José Antonio Gómez; de UGT-Lugo-Lemos-Costa, Ángel Tomé; da Federación de Industria, Construción e Agro estatal (FICA-UGT), Pedro Hojas; e de FICA-Galicia, Javier Carreiro. Ademais, participarán outros membros das comisións executivas de UGT confederal, UGT-Galicia, das federacións, tanto galegas como estatais, e de unións comarcais e outras unións territoriais do resto do Estado.

A maiores, sairán autobuses de varias das sedes que UGT ten en Galicia para facilitar a participación de delegados e cadros do Sindicato procedentes de toda Galicia.

A manifestación partirá cara a fábrica de Sargadelos onde as persoas que participen na mobilización protagonizarán unha concentración ás portas da factoría onde intervirán Pepe Álvarez, Pedro Hojas e José Antonio Gómez.

UGT denuncia a situación na que se atopa a fábrica de Sargadelos, unha empresa que forma parte da historia de Galicia e que é mesmamente un símbolo identitario. Hoxe está en mans dun empresario que impón dúbidas prácticas laborais e actúa



José Antonio Gómez e Javier Carreiro onte na presentación da manifestación

baixo criterios e con actitudes afastadas de calquera principio laboral dunha sociedade democrática.

A delegada de UGT Rogelia Mariña sabe ben desta situación, leva 44 nos na fábrica e 30 sendo a cara visible de UGT na factoría. Coa entrada do actual administrador único de Sargadelos, que accede tras un longo período de crise da fábrica, todo cambiou. Do diálogo e negociación pasouse ao menosprezo, á obstrución da labor sindical e á persecución sindical.

Rogelia tivo que sufrir imposicións unilaterais de sancións, de suspensión de emprego e salario por parte deste empresario, que foron declaradas inxustificadas pola Xustiza. Un intento de despedimento no 2016, declarado nulo en primeira instancia, obrigando á empresa a readmitila e indemnizala. Pero nada disto impediu que Rogelia continuase a defender os intereses dos seus compañeiros e compañeiras.

O empresario continuou utilizando todos os medios posibles para ame-

dentala e iniciou un proceso de despedimento de traballadores e traballadoras ameazando con pechar a empresa para obrigalos a recusar a Rogelia como delegada de persoal. O medo á perda do traballo levou a boa parte dos seus compañeiros a asinar un bochornoso documento.

Non se pode permitir que en pleno século XXI existan administradores únicos con esta catadura moral, que chegou a despedir a unha parte importante dos traballadores coa única finalidade de obregar a vontade de Rogelia.

Se Sargadelos é patrimonio cultural de todos os galegos, aínda se está a tempo de defender a dignidade dos seus traballadores e traballadoras e deixar ben claro que a imposición e a persecución non son a alternativa ao diálogo e á negociación, e que UGT non vai consentir atropelos aos dereitos dos traballadores.

Por todo isto, para denunciar esta bochornosa situación e para evitar que este tipo de prácticas queden impunes, UGT convoca esta mobilización.

Dornier accede á concesión cunha baixa temeraria do 30% que provocou ao mes xa 8 despedimentos

84 DÍAS DE FOLGA E SETE TRABALLADORES DA ORA EN VIGO EN FOLGA DE FAME

FeSMC insta ao Concello de Vigo a que tome xa as decisións xurídicas ou administrativas que procedan e á empresa a que readmita aos despedidos

Redacción.- Os traballadores da zona azul de Vigo xa levan 84 días de folga e hai catro que sete dos oito traballadores despedidos decidiron comezar unha folga de fame ante a falta de respostas da empresa, que se nega a readmitir ás persoas despedidas, e a ausencia de decisións tanto xurídicas como administrativas por parte do Concello para darlle luz xa a este conflito.

Cando Dornier consegue a concesión da zona ORA de Vigo o fai cunha oferta temeraria á baixa nun 30% sobre o establecido nos pliegos. Xa naquel momento FeSMC-Pontevedra, como aclarou o seu secretario xeral, Santos García, advertiu que isto conduciría de seguro a unha merma da plantilla.

E así foi, un mes despois, saltándose todo principio de lealdade cos pliegos e tódolos principios que deben imperar nunha concesión, Dornier de-



cide despedir a oito traballadores, aínda que xa anuncia naquel momento que para que economicamente lle sexa rendable a concesión o número de despedimentos chegará a 15, dunha plantilla total de 40 persoas. Todo isto o fixo Dornier sen ningún tipo de reunión cos sindicatos.

En agosto intentouse unha media-

ción coa Inspección, e paralizouse a folga, pero foi totalmente infrutuosa, o que obrigou a retomar as mobilizacións e chegar ata o día de hoxe con 84 días de folga e catro xa de folga de fame.

FeSMC-UGT pide xa luz para este conflito que está a facer moito dano e que tanto a empresa como o Concello non poden ignorar.

ABERTA A CONVOCATORIA PARA A SÉTIMA EDICIÓN DO PREMIO Á INNOVACIÓN EDUCATIVA ESCOLA VIVA

Redacción.- O sector do Ensino de FeSP-UGT Galicia e Escola Viva veñen de anunciar a convocatoria da sétima edición do Premio á innovación educativa. O prazo para a presentación dos traballos queda aberto dende o 22 de novembro ata o próximo 23 de abril de 2019.

Estes premios teñen como obxectivo “recoñecer a laboral daqueles docentes que levan a cabo experiencias didácticas

innovadoras nos seus centros, co fin de mellorar a formación do seu alumnado”.

Todos os interesados poderán presentar os seus traballos dende xa ata o 23 de abril. A resolución do xurado darase a coñecer o 9 de maio. Poderán presentarse ao premio profesores de infantil, primaria, secundaria, ensinanzas artísticas e de réxime especial e formación profesional de centros públicos e concertados.

O primeiro premio terá unha contía de 2.000 euros e o segundo 1.000 euros. O xurado tamén poderá outorgar mencións honoríficas. Os traballos educativos que se presenten a este premio deberán versar sobre o eido da aprendizaxe participativa e colaborativa, atención á diversidade, convivencia, educación ambiental, TICs, linguas estranxeiras e ensinanzas artísticas.

INDULTO PARA CARLOS E SERAFÍN, XA!

Redacción.- Outro xoves máis Vigo acolleu a concentración en demanda dun indulto para Carlos e Serafín.

Lembrar que ambos foron condeados a cumprir cadea só polo “delito” de ter participado nunha folga xeral do transporte da provincia de Pontevedra defendendo os seus dereitos e os dos seus compañeiros.UGT insiste en que basta xa de manter este tipo de condeas e chegou o momento de que se lles conceda o indulto.



UGT FICA ACUDE AO PARLAMENTO EUROPEO PARA EVITAR O ERE DE ALCOA

Redacción.- O Comité de Empresa de Alcoa desprazouse esta semana a Bruxelas nunha viaxe organizada polo Grupo Socialista & Demócratas para dar a coñecer aos parlamentarios europeos o traballo que está a levar a cabo o Sindicato para evitar a aplicación do ERE e o peche das dúas plantas españolas. A delegación de UGT FICA estivo composta polo secretario sectorial de Siderurxia e Transformación de Metal, Alberto Villalta, os secretarios xerais de UGT FICA Asturias e UGT FICA Galicia, Jenaro Martínez e Javier Carreiro, respectivamente, e do coordinador de Siderurxia, xunto a delegados das dúas plantas afectadas (Avilés e A Coruña).

A delegación mantivo unha primeira reunión con Ruth Paserman, xefa de gabinete adxunta da Comisaría de Emprego, Marianne Thyssen. Posteriormente, mantiveron unha reunión cos eurodeputados Jonás Fernández e José Blanco, membros da delegación Socialista Española no Parlamento Europeo, e a continuación con Diego Canga, xefe de gabinete do presidente do Parlamento, Antonio Tajani, quen ofreceu o seu apoio e compromiso para lograr o obxectivo da retirada do ERE así como o do presidente Tajani.

A xuízo de UGT FICA os parla-



mentarios deben instrumentar directivas dirixidas a evitar ERE's inxustificadas como o de Alcoa e protexer aos sectores estratéxicos europeos. Ademais, deberíase regular unha tarifa eléctrica común e homoxénea para a zona UE e promover medidas antidumping alleas ás peticións empresariais. A este respecto, resulta curioso que, no caso Alcoa, a empresa nunca reclamou estas medidas e con todo, entre os motivos para pe-

char as plantas, agora alega que o aluminio procedente de China faillles ser non competitivos.

A delegación española considerou que a Unión Europea non pode permitir a perda deste sector de produción estratéxico para Europa e a súa dependencia de terceiros países, tal e como pretende a multinacional americana, e por iso, reclamou á Comisión que se pronuncie ao respecto.

OS TRABALLADORES DE PRISIÓNS REMATAN AS XORNADAS DE FOLGA CUN SEGUIMENTO MASIVO PERO ADVIRTEN QUE SE O GOBERNO NON MOVE FICHA CONTINUARÁN AS MOBILIZACIÓNS

Redacción.- O pasado martes tivo lugar a última xornada de folga dos traballadores de prisións, despois doutras tres xornadas e dúas no mes de outubro. Todas elas cun seguimento masivo e que advirten, dende FeSP, levarán a novas convocatorias se o Goberno non move ficha.

Os traballadores de prisións demandan melloras laborais, principalmente a equiparación salarial, e pechar a brecha existente actualmente entre distintas prisións e categorías, ademais de que se corrixa o actual déficit de persoal que existe nas cárceres galegas e, por extensión, no resto do Estado.

Os traballadores denuncian a actitude do Ministerio do Interior que o pasado 28 de

setembro retirou unha proposta que tiña posta previamente enriba da mesa para mellorar a situación destes profesionais.

A día de hoxe son máis de 3.000 as vacantes sen cubrir por institucións penitenciarias. Tamén urxe mellorar o protocolo de actuación en caso de agresións.



Nesta última xornada convocouse unha manifestación que percorreu as rúas de Pontevedra.


A FUNDACIÓN LUÍS TILVE CELEBRA HOXE E MAÑÁ EN VIGO AS “XORNADAS DE HISTORIA: O MOVEMENTO OBREIRO EN GALICIA”

Redacción.- A Fundación Luís Tilve celebra os días 23 e 24 no salón de actos da Casa galega de cultura en Vigo unhas xornadas nas que diversos historiadores e expertos abordarán dende as máis diversas perspectivas (ideoloxías, sectores, represión, masonería, persoalidades, etapas históricas...) a historia dos movementos obreiros en Galicia.

As xornadas comezarán o día 23 ás 17.00 horas coas intervencións institucionais ás que lle seguirá unha conferencia do doutor en Economía pola USC e exsenador Xaime Barreiro. A continuación haberá dúas mesas redondas da man dos historiadores Roxelio Pérez, Rosa María López, Francisco Javier Quintas, Eliseo Fernández e

dos doutores en historia Bernardo Máiz e Miguel Cabo. Pechará as xornadas o venres o xornalista e doutor en historia Jesús Manuel García cunha conferencia sobre o proceso de “depuración” dos mestres.

O sábado 24, ás 11:00 horas, abriranse as xornadas coa conferencia do historiador Manuel González Probados, que tratará a etapa da II República. A continuación os historiadores Carlos Pereira Martínez, Fermín Avellaneda Vázquez e Ana Romero Masiá falarán da influencia da masonería nestes movementos, do sindicalismo ferroviario e da vertente galeguista, dende a perspectiva biográfica de Xaime Quintanilla Martínez, respectivamente.



As xornadas contan coa colaboración do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra.

O 5º COMITÉ CONFEDERAL DE UGT INSTA A UN NOVO CONTRATO SOCIAL PARA RECUPERAR DEREITOS E LIBERDADES

Redacción.- O 5º Comité Confederal Ordinario de UGT aprobou por unanimidade unha Declaración na que insta a constituir un novo contrato social para recuperar dereitos e liberdades e a adoptar un conxunto de actuacións de calado para situar a España nunha senda de desenvolvemento equilibrado e sustentable, con maiores doses de xustiza social. Neste sentido, “UGT defenderá as súas propostas, nos próximos meses, nos procesos de diálogo social aberto, nas empresas- o noso ámbito de acción esencial- e na rúa, cando así o requiran as circunstancias”.

Neste Comité fíxose un repaso ás prioridades sindicais como: a loita pola igualdade, a eliminación da violencia sobre a muller, a loita contra a sinistralidade laboral ou a Transición Xusta. Así mesmo, o Comité aprobou as conclusións das Xornadas de Acción Sindical e Negociación Colectiva para 2019.

Destacouse a necesidade de aplicar o contido salarial do IV AENC, sobre todo o obxectivo de elevar os salarios máis baixos das táboas pactadas en convenio ata alcanzar, polo menos, os 1.000 euros ao mes por catroce pagas en 2020. Ademais, débese aumentar a cobertura mediante a permanente revisión dos ámbitos funcionais dos convenios.

Recuperar o contrato de substitución

O Comité ratificou a demanda de derrogar a reforma laboral de 2012, como responsable fundamental do aumento da pre-

cariedade e da perda de dereitos laborais. E reclamou ao Goberno recuperar o contrato relevo con carácter universal nas condicións anteriores á reforma.

En canto ao Diálogo Social tripartito, destacou a escasa concreción das formulacións do Goberno en moitas das materias centrais do mesmo e a lentitude do proceso.

Doutra banda, na Declaración do V Comité Confederal demándase un sistema de Formación Profesional estable desde un punto de vista orzamentario e normativo, como instrumento fundamental para o progreso social e económico, para a competitividade das empresas, o crecemento do emprego e o desenvolvemento profesional e persoal das persoas.

O Comité, que se celebra na semana que se conmemora o Día Internacional para a eliminación da violencia sobre a muller, condenou esta lacar e esixiu o desenvolvemento das medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Así mesmo, ratificou as formulacións defendidas polo sindicato para acabar coa brecha salarial que sofren as mulleres en España e que se sitúa no 14,2%, segundo Eurostat. Isto implica que as mulleres traballan gratis desde o 10 de novembro de 2018 ata final de ano. Por iso, e por terceiro ano consecutivo, UGT lanzou a campaña #Yo-TrabajoGratis. O sindicato continuará promovendo paros, mobilizacións, asembleas o próximo 8 de marzo para seguir esixindo a igualdade real entre homes e mulleres.

A Declaración do Comité inclúe, ademais, unha batería de propostas contra a sinistralidade laboral, e é que no noso país cada día morren dúas persoas a consecuencia do seu traballo; avoga por unha transición xusta, pois a acción climática non pode levarse a cabo a expensas dos dereitos dos traballadores; e ratifica a súa vocación internacionalista.

Resolución de urxencia

O 5º Comité Confederal mostrou o seu apoio e solidariedade con Rogelia Mariña, delegada sindical de UGT e, ata hai pouco, presidenta do Comité de Empresa de Sargadelos, que é obxecto da persecución por parte do propietario e administrador único da empresa, provocando o seu despedimento, en primeiro lugar, e as descualificacións, difamacións, coaccións e ameazas cara á súa persoa e o persoal, despois.

O Comité confederal esixiu a actuación da Autoridade Laboral, así como da Fiscalía, para poñer fin a un dos ataques á liberdade sindical máis descarado dos últimos anos e mostrou o seu apoio á campaña posta en marcha por UGT Galicia, UGT FICA e a Asociación Xuvenil RUGE en defensa de Rogelia Mariña e todos os traballadores e traballadoras de Sargadelos e en concreto á manifestación convocada o día 23 de novembro que partirá ás 13.00 horas desde Cerro ata a Fábrica de Sargadelos.

O Comité Confederal afirma que UGT vai utilizar todos os medios legais, xudiciais e sindicais para acabar con esta situación.

O DESEMPREGO E A PRECARIIDADE AUMENTAN O RISCO DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

UGT chama á participación nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista en Galicia

Redacción.- 971 mulleres foron asasinadas desde 2003; rexistráronse 13.057 violacións de nenos e mulleres entre 2008 e 2017; e 1.532.662 denuncias foron presentadas por violencia de xénero desde o ano 2007.

A Unión Xeral de Traballadores denuncia que o desemprego e a mala calidade do emprego que se xera, con altas taxas de temporalidade e precariedade, aumentan o risco das distintas formas de violencia contra as mulleres. Ademais, faltan políticas públicas que adopten medidas áxiles, efectivas e suficientes para lograr a inserción laboral das mulleres maltratadas e o fin da violencia de xénero.

Así se recolle no informe "Empregos e salarios de calidade, claves para loitar contra a violencia machista" elaborado por UGT con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia sobre a Muller, onde se sinala que, segundo o borrador do último informe do Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller de 2016, das 44 vítimas mortais por violencia de xénero, só o 41% estaba a traballar.

Así mesmo, neste borrador reflíctese que o total de contratos bonificados por violencia de xénero en 2016 supuxeron tan só o 0,009% do total da contratación feminina rexistrada polos Servizos Públicos de Emprego, e desa contratación bonificada, case o 76% era temporal.

Para UGT, a inserción laboral das mulleres que son vítimas de violencia de xénero debería estar garantida. O total de contratos bonificados en 2016 e 2017 foi de 801 e 808, cifras totalmente insuficientes. Os datos reflicten importantes déficits en relación ás medidas implantadas para conseguir a inserción deste colectivo.

O informe de UGT denuncia tamén que o acoso sexual no traballo e o acoso por razón de sexo constitúen outra manifestación máis da violencia de xénero que sofren as mulleres, neste caso no ámbito laboral. Segundo a Resolución do Parlamento Europeo, do 11 de setembro de 2018, un gran número de casos de acoso sexual non chega a denunciarse como consecuencia de varios factores: a escasa sensibilización social respecto diso, o medo ao despedimento, a dificultade para conseguir probas, unhas insuficientes canles de

denuncia, seguimento e protección das vítimas e a normalización da violencia.

Moi a miúdo, denunciar casos de acoso sexual no traballo pode conducir ao despedimento ou ao illamento da vítima no lugar de traballo. Ademais, esta forma de violencia



25N 2018 Día Internacional para a **ELIMINACIÓN da VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**
PARTICIPA NAS MANIFESTACIÓNS CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA CONVOCADAS POLO MOVIMENTO FEMINISTA



LOCALIDADE	LUGAR	HORA
A CORUÑA	Obelisco	20:00
SANTIAGO	Praza 8 de marzo	12:00
PADRÓN	Rúa Rosalía de Castro	13:00
LUGO	Diante do Concello	12:00
OURENSE	Subdelegación do Goberno	20:00
VIGO	R/Urzáiz cruzamento con Vía Norte	12:00
PONTEVEDRA	Peregrina (Performance)	12:00
VILAGARCÍA	Praza de Galicia	13:00

contra as mulleres no traballo ten tamén graves repercusións físicas, sexuais, emocionais e psicolóxicas para as vítimas, constituíndo unha violación das liberdades fundamentais.

UGT reclama máis sancións por parte da Inspección de Traballo. Entre 2008 e 2017 atopamos tan só 9 sentenzas sobre acoso sexual e acoso por razón de sexo, algo que para UGT é totalmente inaceptable, poñendo en evidencia que esta secuela social atópase aínda demasiado invisibilizada na nosa sociedade.

O sindicato está de acordo coa posición que desde Europa reclama aos Estados membros a posta en marcha de políticas activas e eficaces que prevengan e combatan calquera forma de violencia contra as mulleres, incluídos o

acoso sexual e os acosos sexistas e de acoso laboral aos que a maioría das mulleres poden estar expostas no ámbito laboral, destacando a necesidade urxente de establecer normas en materia de violencia e acoso no traballo, que proporcionen un marco legislativo para os gobernos, os empregadores, as empresas e a actividade sindical a todos os niveis.

Mellores plans de prevención no traballo; procedementos eficaces, transparentes e confidenciais para as vítimas; sancións duras e disuasorias para os agresores; información exhaustiva e cursos de formación para que os traballadores entendan as políticas e os procedementos; e apoio ás empresas para que elaboren plans de acción a fin de aplicar estas medidas deben ser medidas fundamentais a adoptar de maneira inmediata.

O BLACK FRIDAY OCULTA UN PÉSIMO MODELO LABORAL E ECONÓMICO

Redacción.- O Black Friday e a súa secuela do Cyber Monday, dous acontecementos de carácter mundial ao redor de ofertas de prezos ao consumo, encerran no seu funcionamento unha serie de modelos laborais e económicos sobre os que é preciso reflexionar.

O seu expoñente máis visible, Amazon, unha das empresas con maior capitalización bolsista do mundo, precisamente por xornadas como o Black Friday, presenta un modelo empresarial obsesionado por desprezar o factor traballo, entendéndoo como un mero custo e non como un activo social ou corporativo.

Esta forma de concibir o traballo e os traballadores exemplifícase no presente, coa súa actitude de permanente conflito cos seus empregados, por mor do seu desdén polo diálogo social, a súa tacañería salarial e o exceso de temporalidade.

Pero non só é unha cuestión do agora, senón dos seus plans a medio e longo prazo, que pasan, simplemente, por reducir o número de traballadores ata case a súa erradicación. De feito, os seus plans de

robotización das súas plantas están a comezar a dar os seus froitos, cun modelo laboral que profunda na polarización do mercado de traballo, xera unha dualidade nos postos de traballo que liquida as cualificacións medias, ou directamente as clases medias: só se contratan traballadores moi cualificados – dedicados a mellorar, instalar ou aumentar a robótica-, ou traballadores para ofrecerlles empregos precarios e de baixa cualificación.

E por se isto fose pouco, o modelo comercial de Amazon xera un profundo e negativo impacto no sector retail, que abocou ao peche a miles de comercios comerciantes polo miúdo en EEUU, Europa, e por suposto, España. Pequenos negocios que, se non botaron directamente o peche, só poden sobrevivir se comercializan os seus produtos a través da plataforma online de Amazon, coa consecuente mingua de beneficios e visibilidade. Un modelo monopolístico, que acaba expulsando do mercado aos seus competidores, sexan grandes ou pequenos; unha forma de competir que xa está a afectar as contas de resultados doutros grandes almacéns e tendas almacenistas, que si xeran miles de em-

pregos e, por tanto, reparten a súa riqueza cara á nosa sociedade, xa sexa pagando salarios, impostos e cotizacións en España.

Regular a dixitalización, desde o diálogo social

En resumo, debemos reflexionar e decidir, como sociedade, que modelo social e laboral queremos no futuro. O Black Friday preséntanos un paradigma laboral robotizado, con moito menos emprego, dualizado e polarizado, sen clases medias, sen mobilidade social, á vez que debuxa un sistema económico no que o factor traballo perde a súa centralidade.

UGT insta a políticos, reguladores e gobernos a actuar, a non quedar de brazos cruzados ante esta gravísima tendencia. O noso sistema económico e social, a nosa actual forma de concibir o Estado do Benestar, está en perigo. E só a través do Diálogo Social, e da posta en marcha dun novo Contrato Social poderemos conseguir que a dixitalización signifique prosperidade para todos.

O TRABALLO DIGNO, NO CENTRO DA DIXITALIZACIÓN

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, manifestou que o traballo digno debe estar no centro da dixitalización en España e que este proceso non pode supoñer empregos para algúns pero non para outros.

O proceso de dixitalización debe ser inclusivo, e estar ao servizo das persoas, non supoñer unha excusa para a destrución de empregos ou para polarizar e precarizar aínda máis o mercado laboral.

Apelou a que non haxa sectores de primeira ou de segunda, en función do emprego que haxa e se cree. Os beneficios da dixitalización e o aumento da produtividade, que poden facilitar as novas tecnoloxías, deben repartirse e beneficiar a todos os cidadáns, de non ser así España fracasaría como país e volverá estar no furgón de cola de Europa.

Debe haber traballo para todos. Neste sentido avogou por profundar no debate europeo da redución de xornada a 32 horas semanais e sobre a repartición do traballo.

Pino que fixo estas declaracións durante a súa intervención na xornada “A dixitalización en España: retos e oportunidades”, organizada pola Federación de Servizos Mobilidade

e Consumo (FeSMC) de UGT, resaltou a importancia da negociación colectiva para que este proceso de dixitalización sexa inclusivo e non deixe a ninguén atrás.

A experiencia revela a importancia da negociación, do diálogo social, na consecución de avances laborais e sociais. Por iso, apelou a regular “a dixitalización” desde o diálogo social, e desde o consenso.

O secretario de Acción Sindical de UGT destacou que “hai que aproveitar a oportunidade que nos brinda este proceso tecnolóxico en termos de xustiza e inclusión social e adoptar medidas xa. Así, defendeu:

- O desenvolvemento dun Plan Nacional de Inclusión Tecnolóxica, para pechar a fenda dixital que sofre o noso país.

- Actualizar a Educación Académica regrada (primaria, secundaria, universitaria e de FP) ás demandas do mercado de traballo e dunha sociedade altamente tecnificada.

- Confeccionar auténticas Políticas Activas de Emprego e unha verdadeira formación



ocupacional, que permita aos desempregados formarse en novas tecnoloxías.

- Recuperar na Negociación Colectiva a necesidade de establecer unha memoria de impacto no emprego cando se introduzan procesos de automatización do traballo.

- Crear o dereito á formación continua no posto de traballo.

Outra serie de propostas, xa a medio prazo, serían reducir paulatinamente a xornada laboral e a vida laboral a medida que o emprego se vai automatizando e promocionar o emprego naqueles sectores que se beneficiarían directamente da redución da xornada laboral, como os relacionados coa saúde e os cuidados, o lecer e a ecoloxía.